

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día catorce de decembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión extraordinaria e urxente do día 2 de decembro de 2021 e da sesión ordinaria do día do día 7 de decembro de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 7 de decembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución do 3 de decembro de 2021 do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, pola que se acorda realizar o pagamento de mutuo acordo, límite ata o mutuo acordo e xusto prezo por xurado por expropiación para as obras proxecto de construción da vía Ártabra, treito N-VI-AP-9 e desprazamento da rede de gas por obras do proxecto vía Ártabra-treito N-VI-AP-9, de clave AC/04/156.01.4.1 e AC/156.01.4.1.2 M1 nos concellos de Cambre, Oleiros e Sada. (Boletín Oficial do Estado número 235, do 13 de decembro de 2021).



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 3 ao 9 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 2169/2021 e remata coa resolución da alcaldía número 2214/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2169/2021	03-12-2021	Conceder a bonificación ICIO por melloras de accesibilidade - instalación ascensor: CC.PP. Otero Pedraio
2170/2021	03-12-2021	Corrección erro Resolución núm. 2166/2021 de data 02/12/2021 -Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e varias entidades sen fins lucrativos para a realización de traballo práctico na ocupación de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións dentro do obradoiro de emprego "PROXEDIS - PROWEB III 2021-2022". Expediente: 15/0017/2021 (2021/A008/000014 - 2021/G003/000174)
2171/2021	03-12-2021	Conceder a licenza municipal para executar unha canalización de 1 metro lineal para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Quintán, Cecebre. Solicitante: UFD, DE, S.A.
2172/2021	03-12-2021	Licenza para dividir a finca sita en Lema, Brexo de 2.839 m <sup>2</sup> en dúas parcelas de 1.245 m <sup>2</sup> e 1.594 m <sup>2</sup> promovido por RPT
2173/2021	03-12-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras en Fabás Pravio, demolición e retirada de elementos diversos da parte posterior da nave, reconstrución parcial da nave, a construción dun novo muro de formigón armado para contención, así como a colocación de dúas tubaxes de PVC, carecendo do preceptivo título habilitante. Titular P Hermanos, S.A.
2174/2021	03-12-2021	Conceder teletraballo VPT
2175/2021	03-12-2021	Conceder teletraballo ALB
2176/2021	03-12-2021	Aprobación de certificación de obra actuación de renovación integral dos parques infantís de Brexo-Lema e Santa María de Vigo, e factura correspondente con reparos suspensivos da intervención municipal
2177/2021	03-12-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ICT
2178/2021	03-12-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: NRG
2179/2021	03-12-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RMG
2180/2021	03-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 28.068,42 euros
2181/2021	03-12-2021	Expediente de transferencia de crédito 14/2021
2182/2021	03-12-2021	Expediente sancionador por tala nas Gamelas, Anceis, en finca producindo desperfectos no camiño municipal 1C.1.0345 e sen presentar o preceptivo aval. Propiedade: MQD
2183/2021	03-12-2021	Conceder teletraballo EBD
2184/2021	03-12-2021	Reposición legalidade urbanística por acopios de terras na parcela sita en Fabás, Pravio, s/n. Titulares: APB e JGT



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

2185/2021	03-12-2021	Corrección de erro material na Resolución núm. 2175/2021, do 3 de decembro, de solicitude de teletraballo formulada por AMLB
2186/2021	03-12-2021	Corrección de erro material na Resolución núm. 2174/2021, do 3 de decembro, de solicitude de teletraballo formulada por VPT
2187/2021	07-12-2021	POS + 2019 Principal- Aprobación de certificación correspondente á obra "Proxecto de mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). FASE III, POS +2019, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes ás facturas por importe total de 90.281,33 euros, así como o seu pagamento. (CERTIFICACIONES 1ª y 2ª)
2188/2021	07-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 33.351,56 euros
2189/2021	07-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 8.549,97 euros
2190/2021	07-12-2021	Recurso contencioso-administrativo, procedemento abreviado número 0000235/2021 Representación e defensa. TEDeC 2020/P001/000021 responsabilidade patrimonial - CCPP Costa da Tapia, Edificio Los Magnolios
2191/2021	07-12-2021	Recurso contencioso-administrativo, procedemento abreviado número 0000223/2021 Representación e defensa. TEDeC 2020/P001/000030 responsabilidade patrimonial -Reale Seguros Generales SA
2192/2021	07-12-2021	Aboamento da indemnización aprobada polo Pleno en sesión ordinaria de data 28.10.2021
2193/2021	09-12-2021	Desistencia de solicitude de informe social de DLF, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido
2194/2021	09-12-2021	Desistencia de solicitude de informe social de DLF, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido
2195/2021	09-12-2021	Alta SAF IHP
2196/2021	09-12-2021	Alta SAF SDB
2197/2021	09-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 55.697,72 €
2198/2021	09-12-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre", recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 145.697,04 euros, así como o seu pagamento
2199/2021	09-12-2021	Acordo de solicitude da axuda a Deputación para Cromático Mural Fest
2200/2021	09-12-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduill e na Pena", recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 7.705,33 euros, así como o seu pagamento
2201/2021	09-12-2021	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 56, letra A, no cemiterio municipal o día 21 de novembro de 2021
2202/2021	09-12-2021	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 161, letra D, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de depositar as cinzas de DM
2203/2021	09-12-2021	Subministración de material deportivo para a pista polideportiva A Ría
2204/2021	09-12-2021	Contrato servizo do apalpador no nadal 2021
2205/2021	09-12-2021	Reposición legalidade urbanística por construír un peche que corta un paso de servidume en finca sita en Anceis, Cambre. Propiedade: CSV
2206/2021	09-12-2021	Conceder a axuda para tratamento odontolóxico a MAML por importe de 400 euros



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

2207/2021	09-12-2021	Alta SAF JFTG
2208/2021	09-12-2021	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en finca sita en Anceis consistentes en obras de peche, construción de galpón, estacionamento de autocarabana e cría de cabalos. Propiedade: CSV
2209/2021	09-12-2021	Reposición legalidade invernadoiro e outros en lugar San Marcos, Anceis. Propiedade: MBG
2210/2021	09-12-2021	Conceder a licenza municipal para executar unha canalización de 17 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á bomba dun pozo de auga existente na finca sita no lugar do Corgo, Brexo. Solicitante: UFD, DE, S.A.
2211/2021	09-12-2021	Conceder a licenza municipal para mellorar a accesibilidade do edificio sito na rúa Constitución, O Temple, mediante a inclinación dun espazo de 15,30 m <sup>2</sup> da beirarrúa existente fronte á entrada do edificio e a eliminación do chanzo de entrada ao portal. Solicitante: OBR
2212/2021	09-12-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JMCL
2213/2021	09-12-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: CESL
2214/2021	09-12-202	Celebración voda civil o 11 de decembro de 2021 ás 13,30 horas

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de declaración de deserto do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para o contrato de obra do "Proxecto básico e de execución da remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre". Expte: 2021/C003/000012
- Prórroga á anualidade 2022, do contrato do servizo para a organización das rutas de sendeirismo do Programa "Vente de Marcha" a celebrar polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre nos anos 2020 e 2021, con opción de prórrogas anuais aos anos 2022 e 2023. Expediente núm. 2020/C004/000005.
- Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente ao servizo da "Asistencia técnica para redacción do proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para sala de usos múltiples en Cruceiro, Cambre" á Emilio Cortés Varela no prezo ofertado de 14.700,00€ sen IVE, 17.787,00 € ,IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000168

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de declaración de deserto do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para o contrato de obra do "Proxecto básico e de execución da remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre". Expte: 2021/C003/000012**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado por acordo da Xunta de Goberno Local con data 16/11/2021 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do contrato para a obra do “Proxecto básico e de execución da remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre” (expediente nº 2021/C003/000012), cun valor estimado de 63.497,83 euros e un orzamento base de licitación de 63.497,83 euros sen IVE 76.832,37euros IVE incluído.

Visto que, con data do 17 de novembro de 2021 publicouse o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei, de xeito que o prazo para a presentación de ofertas remataba o día 7 de decembro de 2021, ás 23:59 horas.

Visto o certificado emitido con data do 9 de decembro de 2021 pola secretaria accidental da Corporación co visto e prace da concelleira-delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se indica que *“unha vez finalizado o prazo de presentación das proposicións, NON consta na Plataforma de Contratación do Sector Público a presentación electrónica de ningunha oferta”*

Visto o establecido polo artigo 150.3 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, que indica que non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Declarar deserto, por falta de licitadores, o contrato para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do contrato de obra “Proxecto básico e de execución da remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre” (expediente 2021/C003/000012), ao non terse presentado ningunha proposición dentro do prazo de licitación establecido para o efecto, e que remataba o día 7 de decembro de 2021 ás 23:59 horas.

**Segundo:** Publicar o presente acordo no prazo de quince días no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 63.3 in fine da Lei de Contratos do Sector Público, que establece que *“serán obxecto de publicación no perfil de contratante (...) a declaración de deserto...”*

**Terceiro:** Notifíquese aos Departamentos de Urbanismo e Intervención Municipais, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Prórroga á anualidade 2022 , do contrato do servizo para a organización das rutas de sendeirismo do Programa "Vente de Marcha" a celebrar polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre nos anos 2020 e 2021, con opción de prórrogas anuais aos anos 2022 e 2023. Expediente núm. 2020/C004/000005.**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que no expediente nº 2020/C004/000005, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e sete de outubro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica á entidade “Camping Os Fieitás S.L.” a contratación do servizo para a organización das rutas de sendeirismo do Programa "Vente de Marcha" a celebrar polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre nos anos 2020 e 2021, con opción de prórrogas anuais aos anos 2022 e 2023 , asinándose o correspondente contrato coa entidade con data do 10/11/2020.

Visto que, consonte a cláusula IV do citado contrato, cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do cadro de Características do contrato, a duración do contrato será dende a sinatura do mesmo en documento administrativo e durante un prazo que abarca os anos naturais 2020 e 2021, prazo que poderá ser obxecto de dúas prórrogas anuais , que abarquen os anos 2022 e 2023, previo acordo do órgano de contratación adoptado ao menos con tres meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato o da súa prórroga.

Visto o escrito presentado con data do 11 de novembro de 2021 e rexistro de entrada ao número 202199900006069, por don Carlos Jesús Fiuza Miranda, en representación da entidade “Camping Os Fieitás S.L.”, entidade adxudicataria, no que se solicita a prórroga coas mesmas condicións de coberturas e límites e co mesmo prezo da anualidade completa anterior.

Visto o informe favorable emitido con data 17 de novembro de 2021 polo coordinador de actividades culturais e educativas no que consta que o adxudicatario cumpriu de maneira satisfactoria o seu traballo, polo que non existe ningún inconveniente para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis.

Tendo en conta o informe emitido pola técnica de xestión de administración de data 22/11/2021 novembro de 2021 e mailo informe emitido polo Interventor Municipal co número 488/2021 e data do 29/11/2021.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014),

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato subscrito coa entidade “Camping Os Feitas, S.L.”, con NIF B-3648 \*\*\*\* e enderezo social no Lugar Balea s/n, C.P. 36988 , O Grove (Pontevedra)” para o servizo da organización das rutas de sendeirismo do Programa "Vente de Marcha" a celebrar polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre nos anos 2020 e 2021, con opción de prórrogas anuais aos anos 2022 e 2023.

**Segundo:** Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada

lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro** : Notificar aos departamentos municipais de Cultura, Deportes e Xuventude, Intervención, e á técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo da “Asistencia técnica para redacción do proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para sala de usos múltiples en Cruceiro, Cambre” á Emilio Cortés Varela no prezo ofertado de 14.700,00€ sen IVE, 17.787,00 € ,IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000168**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 14/10/2021 asínase polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, o documento denominado “Proposta-Informe de necesidade”, correspondente ao servizo da “Asistencia técnica para redacción do proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para sala de usos múltiples en Cruceiro, Cambre”, no que se inclúe o documento denominado “Prescripcións Técnicas” elaborado polo arquitecto municipal, no que se motiva a necesidade do servizo, con un importe base de licitación de **14.900,00 €, sen IVE, 18.029,00 €, IVE incluído**, xustificando que:

**“3. NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE CO CONTRATO PROXECTADO, XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO E REALIZACIÓN DOS FINS INSTITUCIONAIS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COA SATISFACCIÓN DESTA NECESIDADE (competencia Municipal); IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACER AS NECESIDADES QUE PRETENDE**

### **3.1.- Xustificación da necesidade do contrato**

*A dita contratación considérase necesaria para poder levar a practica o acabado e acondicionamento do semisoto da edificación que contén a Biblioteca Central, e que destinase a sala de usos múltiples.*

### **3.2.- Xustificación da natureza e extensión das necesidades a cubrir:**

*As necesidades sa cubrir son as de realizar o proxecto que permita a construción da sala de usos múltiples*

*acondicionando a planta semisoto do edificio da Biblioteca Cantral.*

### **3.3.-Xustificación da idoneidade do seu obxecto e contido:**

*Tanto o obxecto como o contido do contratos son os idoneos para o fin pretendido e suficiente xustificación para este procedemento de contratación..*

*Informe de necesidade que se emite a teor do establecido no artigo 118.1, parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*

### **4. XUSTIFICACIÓN DE QUE A CONTRATACIÓN PRETENDIDA NON SUPÓN UN FRACCIONAMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO PARA EVITAR A APLICACIÓN DAS NORMAS XERAIS DA CONTRATACIÓN:**

*Las obras contempladas en el proyecto a desarrollar comprenden una obra completa, entendida como susceptible de ser entregada al uso previsto, comprendiendo todos y cada uno de los elementos precisos para su utilización, por lo que no es posible el fraccionamiento del proyecto.*

*O que se fai constar a teor do establecido no artigo 118.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e Base vixésimo quinta do orzamento.*

*Visto que o concello non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para realizar o traballo, considérase necesario a contratación dunha empresa externa para a súa realización, considerando que a actuación que se pretende contratar é adecuada para o fin perseguido.*

*(...)*

*Vistas as características do servizo e que se trata dunha necesidade puntual e non recurrente, considérase necesario executar o citado gasto mediante o procedemento máis adecuado, que é o do contrato menor, iso atendendo á natureza, contía e simplicidade da tramitación, efectuando para isto, a seguinte proposta de criterios de adxudicación:*

*(...)"*

Con data 14/10/2021 emítase documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 334 22706 (premios y asistencias técnicas promoción cultural).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delgación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 01/12/2021 emítase informe polo arquitecto municipal no que consta que:

Foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- David Sarmiento Nogueira



- Emilio Cortés Varela
- Mospromo S.L.P.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

EMPRESAS	OFERTA
David Sarmiento Nogueira	18.029,00
Emilio Cortés Varela	17.787,00
Mospromo S.L.P.	17.968,50

formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo da " *Asistencia técnica para redacción do proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para sala de usos múltiples en Cruceiro, Cambre*", ao profesional D. Emilio Cortés Varela, cunha oferta económica de 17.787,00 € (iva incluído), por presentar a oferta máis vantaxosa,

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 9 de decembro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 517/2021 - REPARO 165 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 13/12/2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar o documento denominado "Prescripcións Técnicas", correspondente ao servizo de control de calidade para a execución da "Asistencia técnica para redacción do proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para sala de usos múltiples en Cruceiro, Cambre" elaborado polo arquitecto municipal, cun importe de licitación de 14.900,00 €, sen IVE, 18.029,00 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 334 22706 (premios y asistencias técnicas promoción cultural).

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000168, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato menor correspondente ao servizo ao servizo da " *Asistencia técnica para redacción do proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para sala de usos múltiples en Cruceiro, Cambre*", ao profesional D. Emilio Cortés Varela, cunha oferta económica de 17.787,00 € (iva incluído), por presentar a oferta máis vantaxosa.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designase como responsable do contrato o arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López